



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

##### Anuncio

#### RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2022.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no cuarto trimestre do ano 2022.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación	Data Decreto
CLUB CICLISTA CIDADE DE LUGO	G27242825	Nominativa	EQUIPO ÉLITE/SUB23	3410.48900	6.000,00 €	Presidencia	25/10/22
PORTA XI ENSINO	G27324284	Nominativa	COPA DEPUTACIÓN BALONCESTO	3410.48900	14.000,00 €	Presidencia	25/10/22
ASOCIACIÓN DEPORTIVA TRIPENTA TERRAS DE LUGO	G27451582	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	12.000,00 €	Presidencia	15/11/22
SDC ANTAS	G27124205	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA SECCIÓN FEMININA	3410.48900	3.000,00 €	Presidencia	18/11/22
SD SARRIANA	G27139443	Nominativa	TORNEO MEMORIAL PEDRO CANOA	3410.48900	3.000,00 €	Presidencia	25/11/22
MURALLA RUGBY CLUBE	G27103423	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410.48900	10.000,00 €	Presidencia	01/12/22
ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	G28197564	Excepcional	LUGO EN MARCHA CONTRA O CANCRO	3410.48911	8.150,00 €	Presidencia	24/10/22
REAL FEDERACIÓN GALLEGA DE FUTBOL	G15055890	Excepcional	ORGANIZACIÓN DE LA FASE FINAL FOUR DE LA COPA DEL REY JUVENIL	3410.48911	15.000,00 €	Xunta de Goberno	09/12/22
RITMOLUGODANCE	G27483676	Excepcional	CAMPEONATOS DEL MUNDO DE BAILES CARIBEÑOS	3410.48911	6.000,00 €	Presidencia	27/12/22
TEAM BIKE OUTEIRO DE REI	G27513720	Excepcional	GRAN PREMIO CICLOCROSS DEPUTACIÓN DE LUGO	3410.48911	11.308,94 €	Presidencia	29/12/22

Lugo, 17 de xaneiro de 2023.- Vº.Bº.O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0204

## CONCELLOS ANTAS DE ULLA

### *Anuncio*

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL 2023

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2023, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2022, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 3.513.106,30 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

	ORZAMENTO DE INGRESOS	IMPORTE
+	Capítulo 1: Imposto Directos	441.500,00
+	Capítulo 2: Imposto Indirectos	93.000,00
+	Capítulo 3: Taxas e outros ingresos	252.150,00
+	Capítulo 4: Transferencias correntes	1.420.422,40
+	Capítulo 5: Ingresos patrimoniais	500,00
+	Capítulo 6: Alleamento de investimentos	0
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	1.193.533,90
+	Capítulo 8: Activos Financeiros	15.000,00
+	Capítulo 9: Pasivos Financeiros	97.000,00
=	<b>A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)</b>	<b>3.513.106,30</b>

	ORZAMENTO DE GASTOS	IMPORTE
+	Capítulo 1: Gastos de persoal	1.300.040,00
+	Capítulo 2: Compra de bens e servizos	595.600,00
+	Capítulo 3: Gastos financeiros	7.380,00
+	Capítulo 4: Transferencias correntes	67.380,27
+	Capítulo 5: Fondo de Continxencia	0
	Capítulo 6: Investimentos reais	1.430.406,03
	Capítulo 7: Transferencias de capital	0
+	Capítulo 8: Activos Financeiros	15.000,00
+	Capítulo 9: Pasivos Financeiros	97.300,00
=	<b>B) TOTAL GASTOS</b>	<b>3.513.106,30</b>

De forma conxunta, aprobáronse as bases de execución e o plantel de persoal; de conformidade co disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, o cadro de persoal estrutúrase do seguinte xeito:

**CADRO DE PERSOAL:**

• **PERSOAL FUNCIONARIO:**

- 1 Secretaría- Intervención: Grupo A1; CD: 22
- 1 asistente social: Grupo A2; CD: 18
- 1 axente de emprego e desenvolvemento local: Grupo A2; CD: 18
- 1 administrativo: Grupo C1; CD: 18.
- 2 auxiliares administrativos: Grupo C2; CD: 14 (unha das prazas, vacante)
- 1 auxiliar administrativo: Grupo C2; CD: 12
- 1 subalterno: Grupo E; CD: 11 (vacante)

• **PERSOAL LABORAL :**

**1.- PERSOAL LABORAL FIXO:**

- 2 operarios multiservicios
- 1 encargada da Biblioteca Municipal

**2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL:**

- 1 Operario recollida lixo
- 1 Traballador Social
- 1 Auxiliar Ss. Sociais
- 27 auxiliares SAF
- 3 limpeza
- 1 información xuvenil
- 1 vixianza
- 3 socorristas
- 3 peóns (APROL Rural)
- 1 xefe de brigada loita contra incendios forestais
- 1 peón condutor brigada loita contra incendios forestais
- 3 peóns forestais de brigada loita contra incendios forestais
- 7 peóns (Programa Reforzo do Emprego)
- 5 limpadores (Programa Reforzo do Emprego)
- 1 Pedagogo (Servizo de Atención Temperá)
- 1 Logopeda (Servizo de Atención Temperá)
- 1 Psicopedagogo (Servizo de Atención Temperá)

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Antas de Ulla, 24 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0205

**CERVO**

*Anuncio*

Detectado erro nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021, que foron publicadas no BOP de Lugo de 26 de decembro de 2022, omitíndose da publicación o Anexo I. Procédese á

corrección, dando publicidade ao mesmo:

## ANEXO I

**Aos efectos da acreditación, consideración e valoración dos servizos prestados alegados polas persoas aspirantes, en relación co mérito “experiencia profesional”, estarase ao disposto a continuación:**

1. Entenderanse por Administracións Públicas as consideradas como tales no artigo 2.3. da Lei 40/2015, de 1 de outubro.
  2. Entenderanse por servizos prestados susceptibles de valoración os que, ademais de teren sido adecuadamente presentados e acreditados (segundo o indicado a continuación e nas respectivas bases específicas), cumplan de forma simultánea e necesaria coas seguintes condicións:
    - Que deriven dunha relación de emprego en réxime funcional ou laboral, nas súas diferentes modalidades/tipoloxías legais.
    - Que se correspondan con períodos de servizo activo ou aquelas outras situacións legalmente análogas/equivalentes e/ou nas que o tempo de permanencia sexa computable a efectos de trienios (ou concepto retributivo análogo/equivalente) e dereitos da Seguridade Social. Considerándose tamén como períodos de servizo activo, aos presentes efectos, aqueles que se correspondan cos períodos de inactividade nos supostos de relacións laborais temporais vinculadas a prazas/postos previstos para persoal fixo discontinuo (segundo o disposto ao respecto no artigo 16 do ET, antes e despois da reforma operada por RD-L 32/2021) ou, no seu caso, persoal indefinido a tempo parcial correspondente aos supostos contemplados no artigo 16.1 do ET antes da reforma operada, ao efecto, polo RD-L 32/2021.
    - Que se correspondan con servizos prestados en praza, posto ou categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada; e, a tal efecto, requirirase que se acredite, segundo o indicado no punto 8, o seguinte:
      - En todos os supostos, que sexan servizos prestados en praza, posto ou en categoría profesional (ou criterio de clasificación análogo/asimilable á categoría profesional) que, na data da apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo, se clasifiquen/encadren en grupos/subgrupos profesionais idénticos ou equivalentes aos da vacante obxecto de convocatoria. E aos ditos efectos, e cando se aplique un sistema de clasificación diferente ao vixente no Concello, estarase ao consideraranse equivalentes aos grupos/subgrupos profesionais das prazas convocadas aqueles grupos de clasificación profesional nos que, para o ingreso/clasificación nos mesmos, se requira unha titulación idéntica, equivalente ou do mesmo nivel.
      - Para os supostos concretos en que se aleguen servizos prestados en praza, posto ou en categoría con denominacións/identificacións diferentes á da praza convocada, ademais do indicado no parágrafo anterior, que se acredite un exercicio profesional/funcional asimilable/similar.
- En todo caso, serán obxecto de valoración todos os servizos prestados e alegados que cumplan cos anteditos criterios de identidade ou equivalencia coa praza convocada, con independencia de que deriven dunha relación de emprego de réxime funcional ou laboral
3. Que nos supostos en que a praza, posto ou categoría respecto dos que se aleguen os servizos prestados teñan sido obxecto de previa redefinición e/ou reclasificación profesional, mediante procedementos formais e legal ou xudicialmente amparados (excluídos os procesos de promoción interna), tomaranse en consideración as condicións formalmente recoñecidas e vixentes na data de apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo e, polo tanto, todos os servizos prestados alegados serán valorados nestas últimas condicións. E igual criterio se aplicará para os supostos de funcionarización (cambio a de réxime laboral a réxime funcional); e, en todo caso, serán obxecto de valoración todos os servizos prestados e alegados que cumplan cos anteditos criterios de identidade ou equivalencia coa praza convocada, con independencia de que deriven dunha relación de emprego de réxime funcional ou laboral.
  4. Que nos supostos en que os servizos alegados teñan sido prestados coa condición de persoal indefinido non fixo, tomaranse en consideración o posto, praza ou categoría profesional de adscrición tras a declaración formal da dita condición, así como a antigüidade recoñecida coa dita declaración e/ou legalmente correspondente
  5. Que en ningún caso se computarán e valorarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados no mesmo proceso selectivo
  6. Que o mes de servizos prestados equivalerá a 30 días naturais; e que calquera fracción de tempo inferior que sexa de 15 días naturais ou máis será computada e valorada como un mes completo e, polo tanto, por tempo equivalente a 30 días naturais
  7. Que nos supostos en que os servizos alegados teñan sido prestados a tempo parcial, estes serán computados e valorados como se tivesen sido prestados a tempo completo, sen que, polo tanto, se lles aplique ningunha ponderación/redución proporcional
  8. Que a **acreditación dos servizos prestados** que teñan sido alegados polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, realizarse consonte ao sinalado a continuación:

- **Nos supostos de servizos prestados na Administración convocante (Concello de Cervo) estes serán comprobados de oficio** por esta, segundo os datos que figuren nos respectivos expedientes persoais, sen que resulte necesario a achega de documentación acreditativa dos mesmos (agás supostos excepcionais en que así se requira e comuniquen formalmente, previo acordo do Tribunal do proceso selectivo correspondente)
- **Nos restantes supostos, os servizos prestados alegados deberanse acreditar mediante a achega de certificación emitida/expedida polo funcionario ou órgano competente da entidade correspondente;** ena que, para que ditos servizos poidan ser valorados, deberá constar cando menos e de forma clara e inequívoca:
  - O posto/praza/categoría idénticos ou no seu caso equivalentes á vacante convocada nos que se terían prestado os servizos que se pretende que sexan valorados; **respecto dos que se deberá indicar e certificar, obrigadamente:**
    - En todos os supostos, que son servizos prestados en praza, posto ou en categoría profesional (ou criterio de clasificación análogo/asimilable á categoría profesional) que, na data da apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo, se clasifiquen/encadren en grupos/subgrupos profesionais idénticos ou equivalentes aos da vacante obxecto de convocatoria. E aos ditos efectos, e cando se aplique un sistema de clasificación diferente ao vixente no Concello, consideraranse equivalentes aos grupos/subgrupos profesionais das prazas convocadas aqueles grupos de clasificación profesional nos que, para o ingreso/clasificación nos mesmos, se requira unha titulación idéntica, equivalente ou do mesmo nivel.
    - Para os supostos concretos en que se aleguen servizos prestados en praza, posto ou en categoría profesional con denominación/identificación diferente á da praza convocada, que impliquen un exercicio profesional/funcional asimilable/similar.
  - O período de tempo de prestación dos ditos servizos, con indicación da data de inicio e fin e, no seu caso, do tempo que se estivera nunha situación diferente á de servizos activo (con indicación desta situación concreta diferente á de servizo activo); indicando tamén se os ditos servizos se tiveron prestado a tempo parcial e, nese caso, a porcentaxe de xornada correspondente

**E xunto coa antedita certificación deberase achegar tamén, e de forma obrigatoria, a seguinte documentación xustificativa:**

- No caso de servizos prestados en réxime laboral, contrato de traballo xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.
- No caso de servizos prestados como persoal funcionario, resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.

Nos supostos en que á vista da documentación achegada polos aspirantes puideran existir dúbidas sobre a identidade ou equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se aleguen os servizos prestados, os Tribunais poderán requirir, previo acordo ao respecto, a achega da documentación complementaria que estime necesaria.

En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da experiencia profesional diferentes das anteditas e no seu caso previstas nas respectivas bases.

Cervo, 26 de xaneiro de 2023.- O Alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0228

## FOZ

### *Anuncio*

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da **Ordenanza reguladora dos vaos para entrada e saída de vehículos e reservas en vía pública para aparcamento exclusivo**, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

### **ORDENANZA REGULADORA DOS VAOS PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS E RESERVAS EN VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO**

#### Índice

#### Preámbulo

#### Título I. Normas Xerais

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Vaos.

Artigo 3. Reservas de aparcamento exclusivo.

## **Título II. Vaos**

### **Capítulo I. Clases de vaos**

Artigo 5. Clasificación de vaos.

### **Capítulo II. Licenza de vaos.**

Artigo 6. Necesidade de licenza.

Artigo 7. Prohibición de parada e estacionamento

Artigo 8.- Clases de licenzas de vao.

Artigo 9.- Titular da licenza de vao.

Artigo 10. Procedemento de concesión de licenza de vao.

Artigo 11. Outorgamento de licenza de vao.

Artigo 12. Suspensión temporal da licenza.

Artigo 13. Revogación das licenzas.

Artigo 14. Modificacións das licenzas de vao.

### **Capítulo III. Dereitos e obrigas dos titulares dos vaos.**

Artigo 15. Dereitos dos titulares.

Artigo 16. Obrigas dos titulares.

### **Capítulo IV. Sinalización de vaos**

Artigo 17. Identificación.

## **Título III. Reservas de aparcamento exclusivo.**

Articulo 18. Concepto. Sometemento a licenza.

Articulo 19. Requisitos especiais

Disposición Derrogatoria

Disposición Final primeira

Disposición Final Segunda

### **Preámbulo**

O obxecto da presente Ordenanza é o de regular o uso dos vaos, así como, as reservas de aparcamento exclusivo dentro do termo municipal de Foz, protexendo o uso común xeneral da vía pública, predominante sobre o uso común especial. En todo caso, trátase de conseguir un equilibrio entre o dereito colectivo e o individual.

As beirarrúas por onde os vehículos accederán inmobles de todo tipo e os espazos de vías públicas (calzada) onde se establecerán as reservas de aparcamento, constitúen bens de dominio público, e dentro deles, de uso público. O Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, no seu artigo 75 distingue o usos dos bens de dominio público entre:

1.º Uso común, o que correspondente por igual a todos os cidadáns indistintamente, de modo que o uso duns non impida o dos demais interesados, e estimarase:

a) Xeral, cando non concorran circunstancias singulares.

b) Especial, se concorresen circunstancias deste carácter polo perigo, intensidade do uso ou calquera outra semellante.

2.º Uso privativo, o constituído pola ocupación dunha porción do dominio público, de modo que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados.

Pois ben, a presente Ordenanza municipal trata de regular o réxime autorizador dos vaos, así como, das reservas de aparcamento exclusivo dentro do termo municipal de Foz,

## Título I. Normas Xerais

### Artigo 1. Obxecto.

É obxecto desta ordenanza regular os vaos para entrada e saída de vehículos a inmobles a través de bens do dominio público local, e as reservas en vía pública para o aparcamento exclusivo dentro do termo municipal de Foz, en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

### Artigo 2. Vaos.

Está suxeito a licenza municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles de calquera tipo sendo preciso cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público; cando supoña unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto a todos os bens; ou cando impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no espazo polo que se realiza o acceso.

A licenza de vao suporá, en todo caso, o aboamento da taxa fiscal correspondente.

### Artigo 3. Reservas de aparcamento exclusivo.

O Alcalde ou Alcaldesa ou o/a Concelleiro/a competente no ámbito de mobilidade poderán autorizar zonas de aparcamento reservadas, requirindo en todo caso informe previo dos técnicos municipais. A reserva destas zonas poderá ser modificada ou suprimida por circunstancias que afecten á circulación ou ao uso do espazo público, ou por razóns de interese xeral. Estas reservas estarán suxeitas a un horario que será o especificado na licenza e que se fará constar, así mesmo, no correspondente sinal.

A licenza por reserva de aparcamento exclusivo suporá, en todo caso, o aboamento da taxa fiscal correspondente.

## Título II. Vaos

### Capítulo I. Clases de vaos

#### Artigo 4. Definición de vao.

Enténdese por vao, a zona da vía pública sinalizada como tal, que se destine a permitir a entrada e saída de vehículos de todo tipo do interior de inmobles en xeral (edificios e solares). O Vao, en toda a súa extensión, estará libre de obstáculos de forma permanente ou no horario que, no seu caso se determine, segundo a categoría que se lle asigne, que virá determinada polo uso e/ou a capacidade do inmovible.

#### Artigo 5. Clasificación de vaos.

As pasaxes de vehículos clasifícanse en permanentes e laborais:

##### A) Permanentes:

- Garaxes privados ou de comunidades de propietarios. Con carácter xeral este aproveitamento especial terá unha superficie liñal (S) de 3 metros. Así mesmo, salvo supostos excepcionais debidamente autorizados, cada edificio ou vivenda só poderá ter un paso deste tipo.

Poderase autorizar, nos casos debidamente xustificadas e previos os informes técnicos correspondentes, a ampliación da superficie lineal mínima de 3 metros, sendo en todo caso, que as ditas ampliacións serano por metros lineais completos.

Os garaxes de comunidades de propietarios de edificios que dispuxeran licenza de obra e primeira ocupación con arranxo ás normas do plan urbanístico anterior ao aprobado polo Pleno en 29 de outubro de 2018, poderán manter os vaos existentes e, no caso de non dispoñer deles, obter tantas licenzas de vaos como saídas e entradas de garaxes dispoña o edificio.

- Garaxes públicos e talleres que presten servizos permanentes de urxencia.
- Garaxes destinados a vivendas unifamiliares.
- Edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios carácter sanitario (hospitais e ambulatorios) e de carácter asistencial (centros de maiores, centros de día e centros de discapacitados, entre outros).
- Gasolineiras, estacións de servizo, venda de carburantes.
- Aparcadoiros de promoción pública.
- Edificios destinados a organismos oficiais, cando a súa natureza o esixa.

##### B) Laborais:

- Edificios e instalacións de equipamento comunitario de carácter educativo, como garderías, colexios, institutos de ensinanza.
- Edificios ou instalacións das administracións públicas, agás que se xustifique a necesidade de utilizar a pasaxe permanente.

- Talleres con capacidade inferior a 10 vehículos ou que, aínda tendo unha capacidade superior, non xustifiquen que prestan servizo permanente de urxencia.
- Obras de construción, derruba, reforma e reparación de edificios.
- Almacéns e actividades comerciais, con vehículo vinculado á actividade.
- Concesionarios de venda de automóbiles, compra-venda de vehículos usados e alugueiro sen condutor.
- Outras actividades de características análogas.

## **Capítulo II. Licenza de vaos.**

### **Artigo 6. Necesidade de licenza.**

Precisarán de licenza de vao toda clase de persoas ou entidades públicas e privadas, quedando suxeitas ao pago das correspondentes taxas, e sempre que se acredite no expediente que se atopan ao corrente do pago das súas obrigacións tributarias para co Excmo. Concello de Foz.

### **Artigo 7. Prohibición de parada e estacionamento**

A licenza de vao conlevará a prohibición de aparcamento de calquera vehículo fronte á entrada do local, e consiguientemente a autorización para sinalizar tal circunstancia. Tolerarase a parada de vehículos na zona e horario afectado pola licenza de vao sempre que o condutor se atope no interior do vehículo, e proceda á súa retirada inmediata cando sexa requirido para tal fin.

### **Artigo 8.- Clases de licenzas de vao.**

1.- As licenzas de vao poderán concederse con horario permanente ou limitado segundo o establecido no artigo 5 da presente ordenanza.

a) As licenzas de vao con horario permanente permitirán o paso de vehículos durante as 24 horas do día, prohibíndose automaticamente na calzada e fronte ao paso, a parada e o estacionamento de vehículos.

b) As licenzas de vao con horario limitado serano en horario laboral.

2. O horario laboral establécese, con carácter xeral, de 9.30 a 20.30 horas, con excepción de domingos e festivos, se ben na licenza poderá especificarse un horario diferente en caso de non que non sexa posible adaptarse ao establecido. En calquera caso, o horario autorizado deberá constar no correspondente sinal.

### **Artigo 9.- Titular da licenza de vao.**

1.- Poderán solicitar a licenza para pasaxes de vehículos:

- Os propietarios dos inmobles ou os que por calquera título válido en dereito sexan posuidores lexítimos dos inmobles a que dean acceso as devanditas pasaxes ou exerzan as actividades a cuxo servizo se destinan estes.
- As comunidades de propietarios, ou agrupacións destas, debidamente representadas, no caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal.
- Nas concesións municipais, os concesionarios.

2. Cando a licenza non sexa solicitada polo propietario, deberá constar a súa conformidade ao solicitado.

3. O responsable de cantas obrigacións implique a licenza de vao será o seu titular e, con carácter subsidiario, o propietario do inmovible.

4. Os cambios de titularidade da licenza de vao deberán comunicarse por escrito ao Concello no prazo de dez días desde o seguinte a aquel en que se formalice o documento que conteña o feito, acto ou negocio que os xustifique co obxecto de que se poida tomar coñecemento destes e modificar os datos da licenza concedida.

A devandita comunicación, á que se acompañará copia da licenza que se pretende transmitir, deberá realizala o antigo e o novo titular. Non obstante, a comunicación do/a titular anterior poderá ser substituída pola documentación acreditativa do devandito cambio.

A falta de comunicación determinará que ambos os dous suxeitos queden sometidos a todas as responsabilidades que se deriven para o/a titular da licenza.

5. Calquera outro cambio ou modificación que afecte ás circunstancias físicas ou xurídicas da pasaxe autorizada, así como calquera outro suposto que poida determinar a súa baixa, deberá comunicarse igualmente ao Concello no prazo de dez días a contar desde o seguinte a aquel en que teña lugar.

6. No suposto de baixa ou anulación da licenza deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, devolver o bordo da beirarrúa ao estado inicial e retirar a placa. Os gastos que se deriven destas actuacións, correrán por conta do/a titular.

7. Logo de comprobado o cumprimento destes requisitos, procederase á concesión da baixa solicitada.



**Artigo 10. Procedemento de concesión de licenza de vao.**

1. O procedemento iníciase mediante a presentación da solicitude de licenza de pasaxes de vehículos en modelo normalizado, que se presentará nas oficinas do Rexistro Xeral, nos rexistros auxiliares ou polos medios telemáticos que se habiliten para este efecto, indicando e xustificando a necesidade da pasaxe ou reserva da vía pública e achegando a seguinte documentación:

- a) Copia do título de propiedade do inmovible ao que dá acceso ou de calquera outro que acredite a lexítima ocupación deste e, en todo caso, os datos de identificación do propietario e do seu representante no seu caso.
- b) Memoria descritiva e xustificativa da necesidade do vao na que se indicarán referencia catastral do inmovible beneficiado, así como, os materiais que se van utilizar nas obras, con expresión da súa dimensión e calidades, así como das medidas de sinalización e balizamento que se van adoptar durante a súa realización.
- c) Plano de situación en cartografía municipal.
- d) Plano a escala 1:50 da fachada do inmovible con acoutamento expreso do pavimento respecto da beirarrúa, zona de carga e descarga, ancho da beirarrúa, ancho de acceso ao terreo e ancho do paso. Sinalárase ademais a existencia de calquera elemento na beirarrúa (árbores, plantacións, postes de iluminación, bancos, sinais de tráfico etc.).
- e) Fotografías da fachada do inmovible.
- f) Xustificante do pagamento da taxa correspondente.
- g) No seu caso, comunicación previa de obra.

2. Recibida a solicitude e a documentación achegada polo solicitante da licenza de vao, corresponde a tramitación e impulso do expediente ao servizo de recadación, requirindo ao petionario a corrección das deficiencias ou falta de documentación no prazo de dez días.

3. Deberase incorporar ao mesmo de oficio a seguinte documentación administrativa:

- a) Informe da Tesourería de que o petionario se acha ao corrente de pago das súas obrigacións tributarias con este Concello.
- b) Informe proposta preceptivo da Policía Local por razón da seguridade viaria ou peonil en relación ao correcto uso do vao solicitado concretando, entre outras circunstancias, no seu caso, a inexistencia de obstáculos, sinalización viaria, circunstancias de intensidade circulatoria, perigo da vía, dificultades de manexabilidade, etc.
- c) Informe medición dos servizos técnicos municipais cando sexa preciso.

4.- Completada a documentación e tramitado o expediente, elevarase proposta motivada ao órgano competente para a resolución do expediente.

5. Se a licenza de vao implica a necesidade de facer obras, esixírase unha garantía para responder do custo de reparación da beirarrúa, da calzada ou dos equipamentos municipais, segundas indicacións dos técnicos municipais.

6. O remate das obras comunicárase ao Concello presentando e, unha vez comprobada pola inspección técnica municipal a idoneidade na execución da obra, procederase a devolver a garantía depositada.

**Artigo 11. Outorgamento de licenza de vao.**

1. As licenzas de vao autorízanse sempre discrecionalmente, de conformidade cos criterios establecidos na presente Ordenanza, e entenderanse outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

2. As licenzas de vao non crean ningún dereito subxectivo e non se adquiren por silencio administrativo.

. Con carácter xeral, non se concederá licenza de vao:

- Se o vao houber de ocupar zonas con xardíns ou arboredo, ou cando a súa proximidade a estas impidise o seu normal desenvolvemento ou conservación.
- En esquinas ou chaflanes de edificios cando polas características da urbanización dificultese ou poña en perigo a seguridade viaria do tráfico ou dos peóns.
- Cando pola anchura ou outras características da vía pública non resultase posible acceder ao inmovible sen realizar unha manobra frontal de xiro, ou se teña de entorpecer a circulación doutros vehículos, ou se polo peso ou características dos vehículos que accederían polo vao poidase causar danos á beirarrúa ou calzada.
- Cando pola anchura da beirarrúa, a intensidade do tránsito peonil, a existencia ou excesiva proliferación de licenzas de vao, fíxese perigoso ou houberse de restrinxir apreciablemente aquel tránsito ou outro tipo de uso xeral.
- Pola súa proximidade a un ben de interese cultural, mobiliario urbano, semáforos, sinalización viaria, ou especial tráfico, a existencia dun vao resultase no seu prexuízo, menoscabo ou limitación.

**Artigo 12. Suspensión temporal da licenza.**

O Concello poderá suspender con carácter temporal os efectos da licenza por razóns de tráfico, obras na vía pública ou outras circunstancias extraordinarias como a celebración de festas e actos culturais que fagan precisas medidas de restrición do tráfico.

**Artigo 13. Revogación das licenzas.**

1. As licenzas poderán ser revogadas en calquera momento pola Alcaldía, de conformidade co previsto no artigo 16 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, polas seguintes causas:

- a. Razóns xustificadas de interese público.
- b. Por terse destinado a fins distintos dos que motivaron o seu outorgamento.
- c. Poderán ser revogadas igualmente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou sobreviñesen outras que, de teren existido, xustificarian a denegación.
- d. Incumprimento acreditado da obriga do pagamento da taxa fiscal correspondente.
- e. Por carecer da sinalización axeitada.
- f. Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.

2. A revogación da licenza levará emparellada a orde de supresión da pasaxe, a restitución, se é o caso, da beirarrúa ao estado orixinal e a retirada da sinalización. Os gastos que se deriven destas actuacións, salvo cando a licenza fora outorgada erroneamente ou a revogación se funde en novos criterios de apreciación, correrán por conta do/a titular.

**Artigo 14. Modificacións das licenzas de vao.**

Os titulares de licenzas de vao solicitarán da Administración Municipal licenza para efectuar no vao calquera tipo de modificación seguindo o procedemento establecido nesta ordenanza para a súa concesión orixinal e sendo da súa conta, os gastos que en consecuencia se orixinen.

**Capítulo III. Dereitos e obrigas dos titulares dos vaos.****Artigo 15. Dereitos dos titulares.**

Os titulares das pasaxes de vehículos gozarán dos seguintes dereitos:

- a) Á súa utilización, nos termos fixados na licenza.
- b) A non ser perturbados ou imposibilitados no dereito de utilizar o acceso do que a persoa é titular pola parada ou estacionamento nel de vehículos ou pola presenza de obxectos de calquera clase.
- c) A que os servizos municipais competentes garantan o acceso autorizado nos termos establecidos na normativa en materia de mobilidade. A devandita protección non se estenderá a aquelas pasaxes de vehículos que non contén coa sinalización aprobada de acordo coas normas contidas nesta ordenanza.

**Artigo 16. Obrigas dos titulares.**

1. Os titulares das pasaxes de vehículos estarán suxeitos ás seguintes obrigas:

- a) A cumprir o disposto na licenza e na normativa aplicable.
- b) A instalar en prazo e conservar en bo estado a sinalización que identifique o vao, sendo por conta do titular a súa correcta colocación, conservación e mantemento, así como a súa devolución en caso de baixa ou revogación da licenza de vao. Os gastos que se deriven destas actuacións, correrán por conta do/a titular.
- c) A manter o bo estado de conservación dos pavimentos e a limpeza dos accesos ao inmobile de graxa, aceites ou outros elementos que puideran depositarse como consecuencia da entrada e saída de vehículos.
- d) A comunicar por escrito á Administración Municipal calquera cambio de titularidade ou calquera modificación nas circunstancias físicas ou de uso do paso que determine un cambio na licenza nos termos dispostos nesta ordenanza.
- e) A solicitar a baixa ou anulación do paso de vehículos cando cese a súa utilización, debendo adoptar as medidas previstas no artigo 10 destas normas.
- f) Ao cumprimento das obrigas tributarias e doutros ingresos de dereito público, se é o caso, derivadas do aproveitamento especial
- g) A supresión da pasaxe, a restitución, se é o caso, da beirarrúa ao estado orixinal e a retirada da sinalización cando proceda conforme ao disposto na presente ordenanza. Os gastos que se deriven destas actuacións, correrán por conta do/a titular.

2. O Incumprimento das obrigas anteditas dará lugar á execución forzosa por esta administración previo apercibimento mediante execución subsidiaria. Correrán por conta do/a titular da licenza a totalidade dos gastos orixinados.

#### **Capítulo IV. Sinalización de vaos**

##### **Artigo 17. Identificación.**

1. Os vaos estará perfectamente identificados mediante o correspondente sinal normalizada do tipo e características establecidos polo Concello.

2. O titular da licenza de vao estará obrigado a identificala na forma en que se determina nesta ordenanza no prazo de quince días contados dende o día seguinte a aquel en que reciba a notificación da licenza ou ao da recepción ou aceptación da obra, se a houbera.

3. Con carácter xeral, a placa de pasaxes de vehículos colocarse pegada á fachada, na porta de acceso de vehículos ou no lateral do acceso ao inmovible, a unha altura máxima de 2,20 metros medida desde a parte inferior da placa con respecto o nivel da beirarrúa e, en todo caso, nun sitio totalmente visible desde a calzada e de forma que estea suficientemente fixada e protexida.

4.- Nos casos que por razóns de visibilidade aconsélleno, expedirase duplicado #a fin de que o titular coloque unha placa ou disco adicional.

5.- A placa será facilitada en uso polo Concello, sendo por conta do titular a súa correcta colocación, conservación e mantemento, así como a súa devolución en caso de baixa ou revogación da licenza de vao. Os gastos que se deriven destas actuacións, correrán por conta do/a titular.

6.- As placas deberán ser do tipo normalizado polo Concello, e conterán o tipo de horario concedido, o seu número de licenza e cuantos datos estime o Concello que serven para a identificación do vao.

7.- A sinalización horizontal do vao consistirá nunha liña amarela continua de 15 centímetros de anchura, pintada por conta do titular con material antiescorregadizo sobre a calzada, rebaixe ou bordo da beirarrúa, praza ou vía pública, na lonxitude da zona autorizada, cando sexa procedente, segundo especifíquese de forma expresa na resolución de concesión. A conservación do perfecto estado da sinalización horizontal será por conta do titular.

#### **Título III. Reservas de aparcamento exclusivo.**

##### **Artículo 18. Concepto. Sometemento a licenza.**

1. A reserva aparcamento exclusivo en vías públicas ou espazos de uso público, para facilitar a carga e descarga de mercadorías, ou o acceso de persoas, en beneficio de actividades concretas, constitúe un aproveitamento especial do dominio público ao restrinxir o uso común xeneral do espazo que se ocupa.

De conformidade co disposto no artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, sométese a licenza a reserva de aparcamento definida no parágrafo anterior, ao tratarse dun aproveitamento especial do dominio público local.

2. O Concello poderá conceder licenza de reserva de aparcamento exclusivo de xeito restritivo e por razóns de interese público debidamente acreditadas no expediente, para a súa utilización polos titulares de actividades ou sectores que desenvolvan actividades de especial interese tales como, hoteis, residencias e establecementos similares con capacidade para máis de 30 persoas; servizos de transporte de mercadorías e paquetería, ou ben, salas de espectáculos, cinemas, teatros, instalacións deportivas e similares, de titularidade privada.

3. No non regulado neste Capítulo, a licenza de reserva de aparcamento exclusivo rexerese polas normas establecidas para a licenza de vao, sempre que lle poidan resultar de aplicación en función das características de ambos os tipos de licenzas, especialmente os artigos sobre suspensión e revogación de licenza.

##### **Artículo 19. Requisitos especiais**

Para autorizar reserva de aparcamento exclusivo na vía pública, esixirase que segundo o caso, o solicitante acredite:

a) A condición de responsable de transporte de mercadorías e paquetería.

b) En reservas para hoteis, residencias e establecementos similares, que teñan unha capacidade fixa superior a 30 persoas.

c) En reservas para salas de espectáculos, cinemas, teatros, instalacións deportivas e similares, a xustificación de que o esixen as necesidades colectivas, e limitarse á reserva ás horas de entrada e saída.

A reserva de espazo en vías públicas outorgarase sempre con carácter discrecional non sendo susceptible de obtención por silencio administrativo. Non creará dereitos subxectivos a favor do seu titular e poderá ser modificada polo Concello Alcaldía tantas veces como o demanden as necesidades do tráfico, previa a instrución do preceptivo expediente con audiencia do interesado.

**Disposición Derrogatoria**

Á entrada en vigor desta lei quedarán derogadas todas as disposicións administrativas de carácter xeral do concello de Foz, agás as ordenanzas fiscais, puideran regular a mesma materia.

**Disposición Final primeira**

En aplicación desta normativa, a Alcaldía, ou a Concellería delegada competente, ditará as resolucións que procedan para garantir o seu correcto cumprimento e completar o seu obxecto con maior detalle.

**Disposición Final Segunda**

De acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, LBRL, esta ordenanza entrará en vigor no momento que sexa publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días previsto no artigo 65 da mesma lei.

Contra o referido acordo definitivo poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso- administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.-

Foz, 24 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 0206

**GUITIRIZ***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2023 DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 15/2023**

Na sesión do Pleno da Corporación celebrada o 26 de xaneiro de 2023 aprobouse inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2023. Ao abeiro do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán á Alcaldía-Presidencia desta Corporación. No caso de non presentarse reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento.

Na mesa sesión indicada, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril aprobouse a masa salarial do persoal laboral correspondente ao mesmo exercicio económico, ascendendo á contía de 1.246.671,14 euros.

Guitiriz, 27 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0237

**OUIROL***Anuncio*

De conformidade cos artigos 112 da Lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dous, adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de dous mil vinte e tres, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público que o Orzamento ascende, tanto en gastos coma en ingresos, á cantidade de **DOUS MILLÓNS CINCUENTA E UN MIL TRESCENTOS CINCO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS, (2.051.305,06 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

**ESTADO DE GASTOS**

<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>EUROS</b>
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Gastos de persoal	1.134.929,77€
2	Gastos correntes en bens e servizos	503.004,82€
3	Gastos financeiros	0,00€
4	Transferencias correntes	101.800,00€

5	Fondo de continxencia e outros	
	Imprevistos	0,00€
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>1.739.734,59€</b>

**B) OPERACIÓNS DE CAPITAL**

6	Investimentos reais	236.570,47€
7	Transferencias de capital	75.000,00€
8	Activos financeiros	0,00€
9	Pasivos financeiros	0,00€
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>311.570,47€</b>
<b>SUMA TOTAL GASTOS:</b>		<b>2.051.305,06€</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
-----------------	---------------------	--------------

**A) OPERACIÓNS CORRENTES**

1	Impostos directos	1.025.000,00€
2	Impostos indirectos	10.000,00€
3	Taxas, prezospbcos e outros ingresos	155.500,00€
4	Transferencias correntes	669.870,68€
5	Ingresos patrimoniais	5.000,00€

<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>1.865.370,68€</b>
-----------------------------------	--	----------------------

**B) OPERACIÓNS DE CAPITAL**

6	Enaxenación de inversiónsreais	0,00 €
7	Transferencias de capital	185.934,38€
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €

<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>185.934,38€</b>
------------------------------------	--	--------------------

**SUMA TOTAL INGRESOS: 2.051.305,06 €**

Na referida sesión tamén se acordou aprobar a plantilla desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése a continuación:

**PLANTILLA DE PERSOAL****A) FUNCIONARIOS DE CARRERA.**

Denominación	Nº prazas	Grupo/Subgrupo	Situación	Funcións
1. Habilitación de carácter nacional 1.1. Secretario-Interventor	1	A1	Propiedade	As determinadas no RD 1174/1987
2. Escala de Administración Xeral 2.1. Subescala Administrativa 2.1.1. Administrativo. Xefe de Sección	1	C <sub>1</sub>	Propiedade	Apoio a Secretaría-Intervención. Substitúe en caso de ausencia, vacante ou enfermidade ao Habilitado Nacional.
2.1.2 Administrativo	1	C <sub>1</sub>	Propiedade	Servizos xerais de administración xeral

2.2. Subescala Auxiliar 2.2.1. Auxiliar Administrativo	1	C <sub>2</sub>	Propiedade	As recollidas nas bases para a provisión da praza publicadas no BOP nº 191 de 21.08.2002.
3. Arquitecto (a) ½ xornada	1	A 1	Interino( en proceso de estabilización)	As recollidas nas bases para a provisión da praza publicadas n BOP nº 253 de xoves 4 de novembro de 2010.

**B) PERSOAL LABORAL FIXO.**

Denominación	Nº prazas	Situación	Funcións
Operario/a de servizos municipais ( en proceso de estabilización)	1	Vacante	Mantemento das instalacións e servizos municipais
Limpiador/a ( en proceso de estabilización)	1(1/2 Xornada)	Vacante	As propias da denominación da praza

**C) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO**

Denominación	Nº prazas	Situación
Traballador/a social ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa/Redución xornada
Limpiador/a edificios municipais ( en proceso de estabilización)	1	Xornada parcial
Auxiliar de axuda a domicilio ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Auxiliar de axuda a domicilio ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa/Redución de xornada
Auxiliares de axuda a domicilio ( en proceso de estabilización)	2	Xornada parcial
Fisioterapeuta ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Educador/a familiar (en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Operario/a de servizos municipais ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Condutor/a tractorista desbrozador Oficial 3ª ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Condutor/a de camión Oficial 1ª ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Enxeñeiro/a de montes ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Encargado/a de instalacións municipais ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa

Técnico/a de Servizos Xerais ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Animador/a sociocultural ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Promotor/a de turismo ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Bibliotecario/a ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa

**D) PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

Denominación	Nº prazas	Situación
Axente de emprego e desenvolvemento local/Técnico/a de emprego ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Auxiliares de fogar ( en proceso de estabilización)	2	Xornada completa
Auxiliares de fogar ( en proceso de estabilización)	2	Xornada parcial
Limpador/a de edificios municipais ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa
Electricista	1	Xornada parcial
Auxiliares de axuda no fogar	3	Xornada parcial
Peón forestal	1	Xornada parcial

**E) PERSOAL LABORAL INTERINO**

Denominación	Nº prazas	Situación
Operario de servizos municipais ( en proceso de estabilización)	1	Xornada completa

**F) ALTOS CARGOS**

Denominación	Nº prazas	Situación
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva
Concelleiro	1	Dedicación parcial

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourol, 24 de xaneiro de 2023.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0207

**RIBADEO***Anuncio***APROBACION DEFINITIVA**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 17 de xaneiro de 2023 acordou aprobar con carácter definitivo o estudo da estrutura de custes relativo á revisión de prezos para a contratación mediante concesión administrativa do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no Concello de Ribadeo de data 12 de xaneiro de 2023 (Cod. Validación A33GGSE4NF95LM3HWEG73L2LJ).

De acordo con canto se dispón no artigo 9.7 do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo de desindexación da economía española.

Ribadeo, 23 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0208

**RIORTORTO***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0017, de data 24 de xaneiro de 2023, concluído o proceso selectivo anunciado no BOP de Lugo número 252 de 04 de novembro de 2022, noméase a Dona Marta Lodeiro Vilar, con DNI núm. \*\*34933\*\*, como persoal laboral fixo, para cubrir a praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Riotorto.

Riotorto, 24 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0209

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0018, de data 24 de xaneiro de 2023, concluído o proceso selectivo anunciado no BOP de Lugo número 252 de 04 de novembro de 2022, noméase a Dona Noelia Seco López, con DNI núm. \*\*54861\*\*, para cubrir, con carácter definitivo, a praza de Traballador/a Social, funcionario de carreira, escala administración especial-subescala técnica do Concello de Riotorto.

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e o artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Riotorto, 24 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0210

**SARRIA***Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO****PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR****EDICTO**

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DECEMBRO DE 2022**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.



**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido no artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 16 de xaneiro de 2022.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0211

**MINISTERIO DE FACENDA****BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – XERMADE***Anuncio*

Bases reguladoras e convocatoria dos premios do entroido de Xermade 2023.

BDNS (Identif.): 672146

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/672146>)

**BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DO****ENTROIDO DE XERMADE 2023****PRIMEIRA:**

O concurso de disfraces Entroido Xermade 2023 celebrarase o luns día 20 de febreiro, ás 20.00 horas no Pavillón Polideportivo de Xermade.

**SEGUNDA:**

O prazo de inscrición de participantes será desde o momento de publicación destas bases ata o 14 de febreiro. A inscrición poderá facerse de xeito presencial no Concello ou no correo electrónico [educadora.familiar@xermade.org](mailto:educadora.familiar@xermade.org), aportando o Anexo I das presentes bases cuberto e un certificado de conta\*. Todos os grupos e/ou disfraces inscritos deben levar no momento do desfile o número asignado polo concello.

\* Pode descargarse nas aplicacións móbiles de banca electrónica.

**TERCEIRA:**

Todos os grupos e disfraces deberán estar no Pavillón Polideportivo de Xermade a partir das 19.30 horas para proceder máis tarde ao desfile, onde terá lugar o concurso de disfraces diante do xurado. É obrigatorio a asistencia ó desfile para poder participar no concurso.

**CUARTA:**

Establécense as seguintes categorías no concurso:

**PARTICIPANTES NON EMPADROADOS EN XERMADE**

GRUPO/PARELLAS/INDIVIDUAIS: No caso dos grupos, a agrupación debe estar formada por un mínimo de tres (3) persoas e máximo de quince (15) e máis da metade do mesmo non pode estar empadroado en Xermade. Se é individual ou parella, ningunha persoa/s pode estar empadroada.

\*Se hai o mesmo número de empadroados que de non empadroados, pasarán á categoría de "Empadroados: 1 ou 2".

**PARTICIPANTES EMPADROADOS EN XERMADE**

1. GRUPO: agrupación formada por un mínimo de tres (3) persoas e máximo de quince (15), con máis da metade das persoas do grupo empadroadas en Xermade, que garden una unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.

2. INDIVIDUAIS/PARELLAS ADULTOS: participantes a partir de 16 anos que concursen individualmente ou en parella, debendo, neste caso, gardar unidade temática entre os/as compoñentes.

3. **INFANTÍS:** participantes menores de 16 anos que concursen individualmente, en parella ou en grupo, debendo, neste caso, gardar unidade temática entre os/as compoñentes.

**QUINTA:**

A orde no desfile estará marcada pola organización.

**SEXTA:**

As persoas participantes que necesiten música deberán entregarlal a organización, como moi tarde, antes do inicio do desfile, nun dispositivo USB.

**SÉTIMA:**

A duración da actuación escollida para o concurso será como máximo de 5 minutos. Exceder este tempo poderá significar a exclusión do concurso.

**OITAVA:**

Os grupos poderán acceder ao pavillón con estruturas ou plataformas ata uns tamaños máximos. A organización avisará da suspensión ou mantemento das estruturas no desfile.

**NOVENA:**

O xurado estará formado por tres persoas voluntarias do público e un secretario/a vinculado/a ó concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases. Elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiados no concurso, asinada por todos os membros. Os premios serán aboados mediante transferencia bancaria, polo que será necesaria a presentación do certificado con número de contaao realizar a inscición.

**DÉCIMA:**

O xurado deberá escoller os seguintes premios:

Para participantes non empadroados en Xermade

1º premio

2º premio

Para participantes empadroados en Xermade:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

Individual/parella adultos:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

Categoría Infantil:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

**UNDÉCIMA:**

Para a selección de premios o xurado terá en conta o desfile, a representación ou actuación realizada durante o concurso, así como a orixinalidade na confección dos disfraces.

**DUODÉCIMA:**

As contías dos premios do concurso serán:

Non empadroados en Xermade

1º Premio: 150 €

2º Premio: 100 €

Participantes empadroados en Xermade

Grupos:

1º Premio: 200€

2º Premio: 150€

3º Premio: 100€

Individual/parella:

1º Premio: 100€

2º Premio: 75€

3º Premio: 50€

Infantil:

1º Premio: 70€

2º Premio: 50€

3º Premio: 40 €

Nota: O xuradoresérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios se considera que os/as participantes non reúnen a calidade precisa.

**DÉCIMOTERCEIRA:**

As persoas participantes deben cumprir en todo momento a normativa vixente da COVID-19, no seu defecto serán descualificadas automaticamente.

O Concello de Xermade resérvase o dereito a posponer ou cancelar dito evento ou parte do mesmo por pola existencia de circunstancias que non permitan o desenvolvemento normalizado da actividade.

**DÉCIMO CUARTA:**

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

As presentes bases e os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

O que asino en Xermadena data indicada á marxe

Xermade, 24 de xaneiro de 2023, Alcalde, Roberto Garcia Pernas.

R. 0212